

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

**16771** *Real decreto 1513/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a subscrición de convenio especial coa Seguranza Social polos traballadores de axencias de alfándegas que resultaron afectados pola incorporación de España ao Mercado Único Europeo.*

A Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de seguranza social, permite, na súa disposición adicional vixésimo sexta, que os traballadores de axencias de alfándegas que se viron privados dos seus postos de traballo con motivo da entrada en vigor do Mercado Único Europeo, o 1 de xaneiro de 1993, se incorporen a un convenio especial coa Seguranza Social a fin de ter garantido que ao chegaren á idade de 65 anos causen dereito a unha pensión de xubilación equivalente á que percibirían de continuaren en activo ao servizo das ditas axencias.

Pola súa parte, o artigo 125.2 do texto refundido da Lei xeral da seguranza social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, configura o instituto do convenio especial coa Administración da Seguranza Social como unha situación asimilada á de alta nalgún dos seus réximes para efectos da protección de determinadas continxencias, co alcance e condicións que regulamentariamente se establezan.

Mediante este real decreto dáse desenvolvemento a ambas as previsións legais, concretando o alcance do convenio especial establecido pola Lei 40/2007, do 4 de decembro, así como os requisitos e o procedemento para a súa subscrición e os efectos desta.

Este real decreto dítase en exercicio das facultades outorgadas no artigo 125.2 da Lei xeral da seguranza social.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de outubro de 2009,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

O convenio especial coa Seguranza Social regulado neste real decreto ten por obxecto a cotización pola continxencia de xubilación respecto aos traballadores que resultaron afectados polo proceso de reestruturación de empresas do sector de axencias de alfándegas como consecuencia da incorporación de España ao Mercado Único Europeo, a que se refire a disposición adicional vixésimo sexta da Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de seguranza social.

##### Artigo 2. *Ámbito de aplicación subxectivo.*

1. O convenio especial poderá ser subscrito polos traballadores cuxa prestación de servizos para axencias de alfándegas cesou como consecuencia da incorporación de España ao Mercado Único Europeo, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

a) Encontrarse en alta no réxime xeral da Seguranza Social ao servizo dunha axencia de alfándegas con data do 1 de xaneiro de 1992 e ter permanecido na dita situación ata a extinción da súa relación laboral, coa conseguinte baixa no dito réxime, que se deberá ter producido entre o 1 de xaneiro de 1993, data da incorporación de España ao réxime de Mercado Único, e o 31 de outubro de 1993.

b) Non ter adquirido a condición de pensionista de xubilación ou de incapacidade permanente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2008, en calquera réxime do sistema da Seguranza Social ou noutro réxime público de protección social, salvo nos supostos en que tales pensións se perciban de forma simultánea á realización dun traballo que determine a inclusión dos interesados no campo de aplicación dalgún dos ditos réximes.

c) Encontrarse en alta ou en situación asimilada á de alta nalgún réxime da seguranza social na data de presentación da solicitude do convenio especial e cotizar, se é o caso, por unha base inferior á que correspondería, nesa mesma data e debidamente actualizada, de ter mantido os seus postos de traballo nas ditas empresas.

2. Para subscribir o convenio non será preciso acreditar ningún período de cotización.

### Artigo 3. *Subscrición do convenio especial.*

A solicitude de subscrición deste convenio especial e a súa formalización axustaranse ao disposto, respectivamente, nos artigos 3.1 e 4 da Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguranza Social.

### Artigo 4. *Efectos do convenio especial.*

Unha vez subscrito o convenio, a situación asimilada á alta no réxime xeral da Seguranza Social que comporta, respecto da continxencia de xubilación, producirá efectos:

a) Desde o 1 de xaneiro de 2008, se a solicitude de subscrición se presenta dentro dos tres meses naturais seguintes ao da entrada en vigor deste real decreto, salvo que o interesado opte pola aplicación da data de efectos indicada na alínea b).

b) Desde o día primeiro do mes seguinte ao da presentación da solicitude, de efectuarse esta fóra do prazo sinalado anteriormente.

### Artigo 5. *Cotización.*

1. A cota correspondente a este convenio especial será determinada pola Tesouraría Xeral da Seguranza Social de acordo coas diferenzas de cotización que en cada caso resulten do disposto no artigo 2.1.c).

Para tal efecto, aplicaranse as seguintes regras:

1.<sup>a</sup> A media das bases de cotización por continxencias comúns durante os últimos doce meses de prestación de servizos polo traballador na respectiva axencia de alfándegas será actualizada pola Tesouraría Xeral da Seguranza Social ata a data de efectos do convenio especial, de acordo co incremento que a base máxima de cotización por continxencias comúns do grupo de cotización correspondente á súa categoría profesional experimentase en cada exercicio.

Do importe actualizado da referida base de cotización descontarase o da base ou bases por continxencias comúns polas que efectivamente se cotice, se é o caso, nesa mesma data por cada traballador.

2.<sup>a</sup> A diferenza de cotización que, se é o caso, resulte para cada traballador, de ser a base actualizada pola Tesouraría Xeral da Seguranza Social superior á base ou bases polas cales efectivamente se cotice, constituirá a base de cotización inicial do convenio especial, á cal se aplicará o tipo de cotización vixente no correspondente exercicio no réxime xeral da Seguranza Social.

3.<sup>a</sup> A cota resultante será obxecto de redución mediante a aplicación do coeficiente establecido en cada exercicio, polo Ministerio de Traballo e Inmigración, para a cobertura da continxencia de xubilación respecto aos convenios especiais de traballadores perceptores do subsidio de desemprego con dereito a cotización por esa continxencia, regulados polo artigo 24 da Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro.

4.<sup>a</sup> En ningún caso as bases de cotización por este convenio poderán resultar superiores á diferenza que resulte entre a base actualizada correspondente a cada traballador, conforme o incremento que a base máxima de cotización por continxencias comúns do grupo de cotización correspondente á súa categoría profesional na axencia de alfándegas experimente en cada exercicio, e aquela ou aquelas polas cales, se é o caso, cotice realmente. Para tal efecto, resultará de aplicación o previsto nos puntos 2.4 e 2.5 do artigo 6 da Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro.

2. A cotización correrá a cargo exclusivo do subscritor e o seu ingreso realizarase mediante pagamentos mensuais, dentro do mes natural seguinte ao da xeración desta obriga.

Artigo 6. *Suspensión e extinción do convenio especial.*

1. O convenio regulado por este real decreto quedará suspendido durante os períodos en que a cotización á Seguranza Social dos seus subscritores, por outra actividade, supere a que correspondería aos seus postos de traballo nas axencias de alfándegas, unha vez actualizadas.

2. Este convenio especial extinguirase por calquera das causas previstas nas alíneas b) a e) do artigo 10.2 da Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro.

Disposición adicional primeira. *Aplicación dos beneficios do convenio especial a traballadores que causasen pensión de xubilación.*

1. Os traballadores que, tendo podido solicitar a subscrición deste convenio especial por reuniren os requisitos exixidos no artigo 2.1 en 1 de xaneiro de 2008, causasen dereito a pensión de xubilación no sistema da Seguranza Social antes da entrada en vigor deste real decreto, poderán solicitar á Tesouraría Xeral da Seguranza Social a liquidación correspondente ao convenio especial polo período transcorrido entre esa data e a da súa xubilación. De manifestaren a súa conformidade con esta liquidación, a súa contía será comunicada á entidade xestora da súa pensión, que procederá a efectuar un novo cálculo desta para efectos do incremento do seu importe.

2. O aboamento da liquidación indicada poderá ser diferido por un período de tempo equivalente ao das mensualidades que correspondería aboar polo convenio especial, de se ter podido subscribir este, e fraccionarase en pagamentos mensuais deducibles de cada mensalidade de pensión, salvo que o interesado opte por efectuar un pagamento único ou un número deles que non permita o desconto sobre a súa pensión, por resultar a súa contía superior ao importe mensual desta.

O período para diferir o pagamento antes indicado poderá ser ampliado o tempo necesario para que a cantidade deducida mensualmente non resulte superior a aquela en que se incrementase a pensión do interesado.

Disposición adicional segunda. *Ingreso de cotas atrasadas.*

As cotas correspondentes a aqueles convenios especiais que se subscriban ao abeiro deste real decreto, cuxa data de efectos sexa o 1 de xaneiro de 2008, poderanse aboar, se así se solicita e sen recarga nin xuro ningún, nun período de 24 meses, contados desde o seguinte ao da data da súa sinatura.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da seguranza social.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación.*

Facúltase o ministro de Traballo e Inmigración para ditar cantas disposicións resulten necesarias para a aplicación e desenvolvemento do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de outubro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Trabajo e Inmigración,  
CELESTINO CORBACHO CHAVES